

Barreiras arquitectónicas nos museos ¿Un problema irresoluble?

Ana Belén Estévez Lavandeira - María Xosé Fernández Cerviño

Antecedentes

A preocupación crecente polo problema da accesibilidade nos museos, como entidades culturais ó servizo da sociedade que son, levou ó Consello Galego de Museos a convocar, para analízalo e poñer en común aquela preocupación, unha Xornada Técnica que se celebrou en Santiago de Compostela, nas dependencias do Museo do Pobo Galego, o 3 de xullo de 1999.

Con carácter previo, realizouse un inquérito entre os membros do Consello Galego de Museos. Á luz das respostas recibidas, puidemos determinar que a problemática se rexistra de xeito máis agudo naqueles centros que están situados en edificios históricos rehabilitados. A arquitectura destes é produto de ampliacións orgánicas e en tempos distintos que, ás veces, ó seren destinados ó uso público, ven incrementadas as barreiras preexistentes por reformas pouco sensibles cara a este tema.

Facendo unha síntese das necesidades que se suscitan nestes centros cómpre incidir nas que se refiren ó acceso, ás dificultades de percorrido horizontal e vertical e á falta de adaptación dos espazos auxiliares.

O usuario con mobilidade reducida atopa o primeiro problema nada máis chegar. Ten que facelo nun medio de transporte, público ou privado, que o deixará na zona exterior do museo onde, en ocasións, as barreiras urbanísticas do entorno se convirten en verdadeiros obstáculos. No caso de teren que estacionar un vehículo, atópanse coa falta de prazas de aparcamento coas

dimensións e a proximidade ó edificio adecuadas. Nesta dimensión, a capacidade de resolver ou cando menos paliar a situación recae na administración local.

A entrada na maioría dos museos instalados en edificios rehabilitados está precedida de escalinatas, nalgúns casos monumentais, que impiden ou dificultan o acceso ó recinto das persoas con minusvalías motrices.

Unha vez no interior, atopámonos cun percorrido horizontal no que portas, corredores, salas e servizos non teñen a amplitude suficiente para permitir a entrada e rotación das cadeiras de rodas. As mesmas dimensións dalgúns salas de exposición, a situación dos expositores e doutros obxectos e os pequenos ou grandes desniveis que se deben salvar nelas engaden dificultades ó desprazamento.

No desprazamento vertical os desniveis entre as distintas plantas xeran outro dos graves problemas que impiden a accesibilidade, posto que o elemento que comunica un andar con outro volve ser a escaleira, o que supón unha nova barreira no percorrido. Nos escasos centros onde existe ascensor, dadas as dimensións da cabina, na maioría dos casos este non é practicable con cadeira de rodas.

Os espazos subsidiarios dos centros presentan os mesmos inconvenientes das salas de exposición pero, ademais, a inexistencia de aseos, teléfonos, puntos de información e mostradores adaptados é outro dos problemas comúns ós centros a que se refire este informe.

Xunto á problemática dos colectivos con mobilidade limitada, pónnese

tamén de manifesto as dificultades dos discapacitados sensoriais. As persoas con deficiencias visuais ou auditivas atopan unha serie de condicionantes na súa visita ós museos: a indefinición das distintas zonas, a falta de sinalamento e de textos en braille, a inexistencia de subtítulos nas proxeccións, a imposibilidade de tocar os obxectos ou a carencia de reproducións e maquetas das obras non manexables son algúns destes inconvenientes.

Finalmente, todos os centros consultados coinciden en sinalar que pese a que algunhas dificultades se subsanan con vontade do persoal, poden, sen embargo, repercutir negativamente na circulación coherente e na axeitada lectura do discurso museolóxico, polo que hai que ir máis alá de paliativos parciais na procura de solucións axeitadas e definitivas para evitar a exclusión.

Desenvolvemento da Xornada Técnica

No decurso da xornada, oídos os relatorios presentados por Anxo Queiruga, representante da COGAMI (ANEXO), Arturo Conde, arquitecto, e Julio Fernández, letrado asesor da Consellería de Sanidade e Benestar Social, e como resultado do debate que se desenvolveu en torno á mesa redonda coa que concluíu a xornada, puxéronse de relevo as seguintes consideracións:

1. O PROBLEMA DA TITULARIDADE

As institucións museísticas encádranse, en xeral, en dous tipos: de titu-

laridade pública (museos estatais, de xestión transferida, autonómicos, provinciais, municipais) e de titularidade privada (relixiosos, de padroados e outras entidades, privados). En moitos casos a situación complicase aínda, ó ser distintas a titularidade do museo e a propiedade do edificio que o alberga.

O ámbito de aplicación da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 2), compromete ás entidades públicas ou privadas, así como ás persoas individuais. Resulta, pois, incuestionable que a adopción de calquera medida tendente a paliar o problema da accesibilidade nos museos afecta a todas as institucións e persoas que, por calquera concepto, teñan responsabilidades nos mesmos.

En particular, compete ás administracións públicas, en función das respectivas competencias, velar por que os proxectos arquitectónicos e museográficos, tanto nos museos de nova creación como nas obras de remodelación que se realicen nos existentes, se adapten ás prescricións da Lei e ó que se estableza no seu desenvolvemento regulamentario.

2. O PROBLEMA DO ENTORNO

Os obstáculos á accesibilidade non afectan unicamente ó interior dos museos, senón que se rexistran xa desde a aproximación ós mesmos, a través dunha serie de barreiras urbanísticas. Así, haberá que ter presente en calquera programa de intervención aspectos como os obstáculos nas beirarrúas, ramplas con pendente inadecua-



Os edificios históricos presentan especiais dificultades para o acceso das persoas con discapacidade motriz

da, prazas de estacionamento, sinalamento exterior.

Atendendo novamente ó ámbito de aplicación da Lei 8/1997, as actuacións encamiñadas a mellorar a accesibilidade ós museos comprometen ós concellos, na medida en que estes son responsables en materia urbanística.

3. O PROBLEMA DOS EDIFICIOS BIC

Os edificios declarados como ben de interese cultural son unha excepción á aplicación a Lei 8/1997. Non obstante, calquera situación, por complexa que poida ser, é susceptible de ser mellorada mediante o desenvolvemento dun proxecto de accesibilidade. Cómpre, xa que logo, que a partir da asunción desta necesidade todos os proxectos de intervención ou remodelación neste tipo de inmobles leven aparelada, na medida do posible e sen que se poida alegar como impedimento a cuestión orzamentaria, a incorporación de medidas paliativas das barreiras arquitectónicas.

4. O PROBLEMA DOS DISCAPACITADOS SENSORIAIS

A maioría das actuacións, e as propias previsións da Lei 8/1997, van

encamiñadas a paliar os obstáculos á mobilidade dos colectivos que a teñen restrinxida. Será necesario, ademais, ter presente a problemática específica dos invidentes e dos xordos, así como as necesidades dos minusválidos psíquicos, á hora de programar o deseño museográfico. Existen mecanismos interactivos que poden ser utilizados polos discapacitados sensoriais, e que deberán ser tomados en conta polos responsables dos museos na programación ou remodelación das súas salas e exposicións.

5. O PROBLEMA DA UNIFICACIÓN DE CRITERIOS

A diversidade e dispersión dos esforzos é un inconveniente real para os avances nesta materia. Cómpre por tanto que mediante un debate aberto que se traduza nunha ampla toma de conciencia do conxunto da sociedade, se vaian implantando medidas, desde as ordenanzas municipais ata unha publicidade suficiente entre a poboación, pasando pola normalización de elementos do mobiliario urbano, axudas técnicas, etc., que permitan dar pasos efectivos na mellora da accesibilidade en todos os ámbitos.

Conclusións

1. Os titulares, directores, xestores e promotores dos museos e coleccións visitables de Galicia haberán ter presentes nos seus proxectos, presupostos e programacións as especificacións da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa virtude, haberán procurar que aqueles dispoñan de itinerarios adaptados, sinalizados e dotados das axudas técnicas axeitadas para procurar a máxima accesibilidade das persoas discapacitadas.

Nos proxectos de edificios de nova planta programados para albergar centros museísticos será necesario proceder coa máxima sensibilidade, non limitándose ó cumprimento estrito dos preceptos legais, senón tendendo a optimizalos, garantindo así o pleno uso e disfrute dos mesmos ás persoas con calquera tipo de disfunción motriz ou sensorial.

2. As Administracións públicas son directamente responsables de asegurar que en todos aqueles proxectos de construción de museos de nova planta, de rehabilitación de edificios históricos para usos museísticos, ou de traballos museográficos, que se realicen con cargo ós recursos públicos ou se beneficien de subvencións oficiais, se teñan presentes os preceptos da Lei 8/1997, e se cumpran as medidas que se establezan no desenvolvemento regulamentario da mesma.

3. En exercicio das súas competencias en materia urbanística, os municipios deberán velar dun xeito



Os discapacitados sensoriais (neste caso, un grupo de nenos sordomudos) demandan atencións específicas nos museos

particular polo entorno dos edificios de pública concorrencia, para que os plans que actualmente se están a desenvolver en boa parte das cidades non se limiten a intervir no evidente, como é a necesidade de salvar o desnivel entre a beirarrúa e a calzada, senón que vaian precedidos dun estudo en profundidade da zona onde se vaia actuar para optimizar estas intervencións evitando que o mobiliario urbano -sinais, iluminación, papeleiras, elementos ornamentais, etc.- comprometa a mobilidade.

4. Os poderes públicos deberán promover a realización de auditorías de accesibilidade, que poderán establecer unha orde de prioridades en función de consideracións tales como número de usuarios, entorno urbano, proximidade a institucións ou centros que acollan persoas discapacitadas. Estas auditorías serán esenciais para completar o cadro

de necesidades que poida determinar cada centro, aportando unha análise da situación, un estudo de viabilidade e proponendo as medidas correctoras que resulten pertinentes.

5. As administracións públicas, dentro das súas respectivas competencias, deberán prever nos seus orzamentos, de xeito coordinado e sistemático e mediante os estudos oportunos, que en cada exercicio se destine unha partida para mellorar a accesibilidade dos cidadáns discapacitados ós servizos socioculturais de toda índole, de acordo coas prioridades que se establezan segundo o indicado no punto precedente.

6. Todas as persoas somos eventualmente discapacitadas, nun momento ou noutro da nosa vida. Por isto, a integración dos colectivos afectados é asunto de todos: administracións públicas, organismos e entidades de

todo tipo, empresas constructoras e subministradoras, profesionais das diferentes ramas e colectivos nos que estes se agrupan. Só unha clara e activa conciencia social pode levar a que as dificultades que afrontan eses colectivos se vexan na práctica realmente minimizadas.

ANEXO 1

Relación de participantes na Xornada Técnica

a) Membros do Consello Galego de Museos

- Museo da Limia, Vilar de Santos

- Museo das Peregrinacións, Santiago de Compostela

- Museo de Belas Artes da Coruña

- Museo do Castro de Viladonga

- Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela

- Museo Etnolóxico de Ribadavia

- Museo Municipal "Quiñones de León" de Vigo

- Museo Provincial de Pontevedra

j) Outros centros

- Centro Galego de Arte Contemporánea

- Fundación Eugenio Granell

- Fundación Vicente Risco

n) Persoas a título particular

- Abades Álvarez, Francisco

- Barciela Garrido, Pilar

- Castro Paredes, Inmaculada

- Domínguez García, Lorena

- Fernández Baño, Cristina

- González Troncoso, Anabel
 - Guitián Castromil, Jorge
 - Guitián Rivera, Juan
 - López Noya, Pilar
 - Macía Vázquez, Eva
 - Méndez Miguel, Isaura
 - Moreira Docampo, José-Manuel

- Pérez Mascato, María-Xosé
 - Rodríguez González, Diego
 - Sanjuán Villarmeá, María del

Pilar

- Seoane Brocos, Soledad-

María

- Vázquez Barbazán, David

- Vázquez Corbal, Margarita

- Vázquez Martínez, María de

los Ángeles